

Lectura da páxina 94

Aquí nos fala das fontes históricas que son esos elementos que nos dan información do que ocorreu hai moitos anos.

4

Como se estuda o pasado?

A historia é como un crebacabezas: coñecemos só algunas pezas e temos que reconstruila.

Para iso hai que estudar o pasado. Como se fai? Quen se dedica a iso?

Onde está a información do pasado?

Para coñecer a historia pasada é necesario buscar e estudar elementos que ofrecen información, como os escritos antigos ou os restos de escavacións.

Estes elementos reciben o nome de **fontes de información histórica**s e poden ser de **catro tipos**:



Fontes escritas. Son textos como cartas, libros ou diarios. Este tipo de **documentos** apareceron sobre papel, pedras e incluso peles.



Fontes materiais. Son **obxectos**, como moedas, ósos, vasillas... Atópanse en escavacións ou nos fondos mariños.



Fontes gráficas. Trátase de **imaxes** que contan historias: cadros, fotografías, debuxos ou vídeos.



Fontes orais. Trátase de lendas, contos ou relatos que se transmiten dunha época a outra **de forma falada** ou en gravacións.

Lectura da páxina 95

Aquí nos fala dos historiadores e historiadoras, que son esas persoas que se dedican a estudar e organizar a Historia.

5

Quen estuda a historia?

As persoas que estudan e organizan a historia chámense **historiadores**.

Un historiador pregúntase constantemente **que feito sucedeu antes** ca outro e **por que** foi así. Logo, busca as respuestas ás súas preguntas en distintas fontes de información.

Grazas aos seus estudos e investigacións, os historiadores puideron ordenar a longa historia dos seres humanos desde a súa orixe e destacar os feitos más importantes de cada unha das idades.



- ▶ As **fontes históricas** proporcionan información sobre o pasado. Poden ser **escritas, materiais, gráficas ou orais**.
- ▶ Os **historiadores** son as persoas que se dedican a **estudar e organizar a historia**.

Moi importante este cadro resumo!



Sabias que...?

A idade na que vivimos actualmente chámase Idade Contemporánea.



- Busca no dicionario que significa *contemporáneo*. Por que creas que se decidiu ese nome?

TAREFAS

Completa na túa libreta:

As fontes históricas proporcionan información sobre o passado.

Poden ser de varios tipos: escritas, materiais,
gráficas e orais.

Os historiadores son as persoas que se dedican a estudar e
organizar a historia.

Exercicio 24. Páxina 95.

24 Clasifica estas fontes históricas.



- a) Escrita.
- b) Material.
- c) Oral.
- d) Gráfica.

Repaso

<https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-ciencias/juego-paso-tiempo>

<https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-ciencias/juego-tiempo-historico>

<https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-ciencias/juego-etapas-humanidad>